



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE
FENE

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña
Tif. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es
881 93 82 60 • www.edu.xunta.gal/centros/iesfene



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021 – 2022

CENTRO: IES de Fene

CURSO: 1º de BACHARELATO

MATERIA: Historia do Mundo Contemporáneo

DEPARTAMENTO: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe	
0	Responde de forma totalmente errónea /realiza a práctica ou actividade de forma totalmente errónea ou non a realiza.
1	Explica con erros, identificando poucos elementos e a relación entre eles. / Realiza as prácticas ou actividades pero ten bastantes fallos en bastantes delas. / Ten dificultades para comprender os conceptos e non escolle axeitadamente a maioría das estratexias para aprendelos.
2	Explica de forma algo incompleta pero válida. / Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas. / Comprende os conceptos ou actividades de forma algo incompleta pero válida e a maioría de estratexias empregadas son válidas.
3	Explica de forma axeitada case todo identificando os elementos importantes e as súas relacións. / Resolve correctamente todas as actividades. / Comprende os conceptos e procedementos e emprega as estratexias axeitadas para aprendelos e resolvelos.
4	Destaca pola súa excelente explicación / comprensión / resolución / execución.

Estándares de aprendizaxe (41)	Grao mínimo de consecución
Bloque 1. O Antigo Réxime	
▪ HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	2
▪ HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.	2
▪ HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.	2
Bloque 2. As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais	
▪ HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.	2
▪ HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.	2
▪ HMCB2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia.	2
▪ HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.	2
▪ HMCB2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.	2
▪ HMCB2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.	2
Bloque 3. A crise do Antigo Réxime	

▪ HMCB3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.	2
▪ HMCB3.3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.	2
▪ HMCB3.3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.	2
▪ HMCB3.4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.	2
▪ HMCB3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónas coas súas consecuencias.	2
▪ HMCB3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.	2
▪ HMCB3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.	2
Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial	
▪ HMCB4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.	2
▪ HMCB4.2.4. Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.	2
▪ HMCB4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.	2
▪ HMCB4.3.2. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas.	2
▪ HMCB4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.	2
▪ HMCB4.5.3. Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.	2
Bloque 5. O período de entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias	
▪ HMCB5.1.1. Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.	2
▪ HMCB5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917.	2
▪ HMCB5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.	2
▪ HMCB5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.	2
▪ HMCB5.3.2. Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas.	2
▪ HMCB5.4.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.	2
▪ HMCB5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán.	2

▪ HMCB5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.	2
▪ HMCB5.9.1. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.	2
▪ HMCB5.11.1. Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización.	2
Bloque 6. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos	
▪ HMCB6.1.1. Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista.	2
▪ HMCB6.4.3. Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista.	2
Bloque 7. A descolonización e o terceiro mundo	
▪ HMCB7.1.1. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.	2
▪ HMCB7.4.1. Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas.	2
Bloque 8. A crise do bloque comunista	
▪ HMCB8.3.1. Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI- Federación Rusa.	2
Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX	
▪ HMCB9.2.1. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar.	2
Bloque 10. O mundo actual desde unha perspectiva histórica	
▪ HMCB10.1.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	2
Bloque 11. A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina	
▪ HMCB11.2.1. Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade.	2
▪ HMCB11.3.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	2

2. Criterios de cualificación (indicar os criterios para os tres posibles escenarios)

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos, os contidos mínimos e os criterios de avaliación especificados.

O proceso de avaliación será continuo e integrador, constando de **3 avaliacións**. Os alumnos deberán enfrontarse en cada avaliación, como mínimo, a **dúas probas**. A distribución prevista axustarase na medida do posible ao desenvolvemento dos contidos temporalizados por curso e establecidos con anterioridade e ás súas propias incidencias.

Os criterios de cualificación final do alumno/a en cada avaliación, seguirán o seguinte reparto:

- **70 % do valor da nota (ata 7 PUNTOS)**: as probas escritas ou os exames escritos e/ou orais, que deberán estar presentes nunha proporción razoable á unidade ou unidades das que se examine o alumnado. Tales probas consistirán:
 - Na resolución e interpretación de mapas e gráficos; análises de datos estatísticos; elaboración de resumos, esquemas e síntese; comprensión de documentos históricos e/ou xeográficos sinxelos; elaboración de eixos cronolóxicos; etc.;
 - E na definición de conceptos básicos ou no desenvolvemento de cuestións ou temas, a modo de redacción ou resolución de preguntas tipo test, nos que se amose a asimilación dos contidos conceptuais.
- **30 % restante (ata 3 PUNTOS)**: traballo cotián (exercicios e actividades de clase), caderno, lectura (Proxecto Lector), traballos complementarios obrigatorios e voluntarios (actividades sobre películas e documentais, elaboración de materiais dentro do Plan TIC, elaboración de mapas, exposición de temas individual ou en grupo, traballo sobre visitas e actividades sobre as mesmas...), interese, participación, etc.

En cada avaliación puntuarase sobre un **total de 10 puntos** e deberá ter un carácter sumativo e global: **ata 7 puntos** polas probas escritas ou exames e **ata 3 puntos** polo traballo restante; conformándose deste xeito o 100 % da nota da avaliación. **A nota mínima para poder aprobar na avaliación é o 5 (Suficiente)**. Non hai unha nota mínima de exame parcial para poder facer media con outro exame dentro dunha avaliación.

A **nota da Avaliación Final** sairá da media aritmética das tres avaliacións e deberá ser **igual ou superior a 5 para poder aprobar**. Nas notas das avaliacións e na nota final as cifras decimais serán “redondeadas” á unidade máis próxima e as puntuacións “coma cinco” serán redondeadas á unidade seguinte. A **nota da Avaliación Ordinaria** deberá ser igual ou superior á da 3ª Avaliación, nunca inferior, e incluso pode ser que a cualificación non varíe entre as mesmas.

Para os alumnos que non acaden na avaliación final unha nota **igual ou superior a 5** haberá un **exame final** no que poderán recuperar unha, dúas ou as tres avaliacións suspensas. Nesta proba escrita entrará como materia de exame as avaliacións enteiras en bloque (sen división en parciais) que correspondan. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse ao exame extraordinario de xuño.

Tamén se contempla a posibilidade de facer un exame para “subir nota”, preferentemente da avaliación onde obtivo a cualificación máis baixa das tres, para aqueles alumnos que o desexen e entrarán cuestións e exercicios explicados en clase das 3 avaliacións. No caso de que o alumno non mellore a súa nota media final, quedaralle a que xa tiña con anterioridade a esta proba.

En canto aos criterios de corrección dos exames sinalar os seguintes puntos:

- En todas as preguntas e apartados das probas escritas indicárase a puntuación máxima que se pode obter.
- No caso de que un **alumno teña copiado nalgún exame** e tal circunstancia fora obxectivamente comprobada e demostrada polo profesor, terá un 0 nesa proba ou exame. Esta cualificación de 0 fará media co resto de probas da avaliación.
- No caso de que un **alumno teña copiado na recuperación do exame final de maio ou na avaliación extraordinaria de xuño**, suspenderá esa recuperación e a nota desa avaliación será a mínima que marque a lexislación vixente.
- No caso de que un **alumno teña copiado no exame para “subir nota”**, anularáselle o exame e quedaralle a nota que xa tiña con anterioridade a esta proba.
- **Poderá descontarse ata un total de 1 punto polas faltas de ortografía** cometidas en cada proba escrita (20 faltas ortográficas descontarán ata 1 punto, e 1 falta ortográfica ata 0,05 puntos).

Proba de xuño

Aqueles alumnos que ao chegar ao final de curso non acadasen os contidos mínimos esixidos e, polo tanto, non aprobasen a materia, poderán realizar na convocatoria de xuño unha **proba extraordinaria**. Esta proba terá unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.

O aprobado nesta proba significará a superación da materia, aínda que será precisa unha coherencia e uns contidos mínimos razoables nas respostas por parte do alumnado.

2.1. Escenario presencial

Este escenario consistiría en desenvolver a **actual PXD** para este curso académico 2021-22 no seu **cumprimento íntegro**, na medida do posible e que o permitan as circunstancias académicas e/ou sanitarias.

A **nota da avaliación** obtense da aplicación dos actuais criterios de cualificación das diferentes asignaturas.

2.2. Escenario semipresencial

Se se adopa esta medida da **semipresencialidade** (alternancia de pequenos grupos presenciais co resto do alumnado da clase na casa), non implicaría unha redución dos estándares de aprendizaxe sempre que se cumpra o 75 % da programación. Si implicaría unha **selección significativa** por parte dos profesores de área dos estándares de aprendizaxe.

A **nota da avaliación** obtense a partir nunha porcentaxe na que se combinaría a nota dos exames/probas escritas presenciais, pero non simultáneas para toda a clase, co traballo do alumno na casa.

2.3. Escenario confinamento

Este escenario implica unha **redución selectiva** dos estándares de aprendizaxe por curso e temporalizados por avaliacións. Se se produce esta circunstancia social e educativa implicaría que o 100 % da nota da avaliación sería o traballo telemático do alumnado desde casa a través de diferentes medios (e-mail, plataformas e aulas virtuais...); e dependería de cando se aplique dentro do trimestre en cuestión, a **nota da avaliación** obteríase a través dunha **media ponderada** entre o período presencial e o de confinamento.